



Terceiro

**Observatorio da
Sostibilidade
da Cultura
Escrita**

2025-2026

Iniciativa promovida por CEDRO

www.observatorioculturaescrita.org

Outubro 2025

Indice

01

As obras editoriais son un «ben de mérito»

02

Rexeitamento social ás malas prácticas

03

Exemplaridade institucional e dereitos de autor: a exigencia cidadá

04

A cultura escrita en risco pola IA

05

Solucións



Introdución

Desde o seu lanzamento en 2023, o Observatorio da Sostibilidade da Cultura Escrita, promovido por CEDRO, converteuse nunha ferramenta chave para analizar os principais desafíos que afronta o ecosistema editorial en relación cos dereitos de propiedade intelectual no ámbito da reutilización de contidos escritos protexidos polo dereito de autor. Así mesmo, os usuarios dispoñen de información rigorosa e actualizada para avanzaren na reutilización responsábel e transparente dos contidos editoriais.

O primeiro e o segundo estudo permitiron identificar dúas circunstancias interrelacionadas que comprometen a sostibilidade da cultura escrita: por un lado, foi diagnosticada unha clara situación de **desvantaxe competitiva no sector editorial español fronte aos seus homólogos europeos**, como consecuencia da falta de remuneración pola reutilización dos seus contidos, tanto desde as organizacións privadas como desde as Administracións públicas, e, por outra banda, detectáronse as causas do **crecemento exponencial da pirataría**, un fenómeno impulsado pola disonancia cognitiva que xera a dixitalización e a ausencia de medidas do sector público para promover unha cultura de respecto aos dereitos de autor entre a poboación xeral. Ambos os dous factores poñen en risco a creación e a produción editorial.

A pesar dos problemas aos que se enfronta a cultura escrita, púxose de manifesto que a sociedade valora positivamente, para o desenvolvemento persoal e o colectivo, os contidos difundidos en libros, revistas e xornais, así como os seus dereitos de propiedade intelectual. E, a partir do concepto de disonancia cognitiva, exploráronse as xustificacións e os negos que a tecnoloxía utiliza e que dirixen os consumidores cara á pirataría de contidos editoriais.

Estes dous informes serviron para presentar solucións viábeis, como a importancia de que as Administracións públicas lideren a remuneración pola reutilización de contidos a través de licenzas de dereitos de autor, a posta en marcha de medidas que promovan a formación en propiedade intelectual no ámbito educativo, e a necesidade de campañas de concienciación dirixidas á cidadanía en xeral. Tamén se avaliou, por primeira vez, o respaldo social.

O resultado desta terceira investigación conclúe, a xeito de resumo, que **a cidadanía ve na cultura escrita e os dereitos de autor un ben común** –un ben «de mérito»–; que **as plataformas tecnolóxicas, en primeiro lugar, e as Administracións públicas, en segundo, están contribuíndo a normalizar o uso non autorizado de contidos editoriais protexidos (democratización da pirataría); e, finalmente, que a protección efectiva da propiedade intelectual dos autores e editores require dunha responsabilidade compartida entre todas as áreas de Goberno –non só de Cultura– e unha regulación máis eficiente.**

Neste contexto, é fundamental que a lexislación configure un mercado claro e transparente, que defina que é a propiedade intelectual e como se reutiliza. Tamén é importante que a información que xera este mercado non quede concentrada en mans dunhas poucas empresas tecnolóxicas. As mesmas regras deben aplicarse cando estas compañías negocian dereitos de autor, pois usan de xeito masivo obras protexidas.

En canto ao impacto da IA na sociedade, en xeral, e no sector cultural, en particular, hai un consenso xeneralizado en percibila como un **risco para todos os ámbitos**.

O estudo, realizado por Qbo Investigación y Estrategia, combinou técnicas cualitativas e cuantitativas. Na fase cualitativa organizáronse catro grupos focais en Madrid con perfís diferenciados por tipo de consumo editorial (oficial e non oficial) e idade (25-45 e 45-65 anos), con equilibrio de xénero. Posteriormente, levouse a cabo unha enquisa online a 1000 persoas maiores de 16 anos, representativas da poboación española, cunha marxe de erro de $\pm 3,1$ % e un nivel de confianza do 95,5 %. O cuestionario tivo unha duración media de 10 minutos.

O informe inclúe un estudo sobre a penetración e percepción da IA, baseado nunha enquisa en liña realizada por Qbo, en xullo de 2025, cunha mostra de 1000 personas maiores de 18 anos, representativa da poboación xeral en canto a sexo, idade e Comunidade Autónoma.

As obras editoriais son un **ben «de mérito»**



Traballar pola cultura é unha boa práctica social

A cidadanía, segundo a investigación, considera que protexer a cultura escrita (libros, xornais, revistas e partituras) significa preservar o coñecemento, coidar o legado cultural, fomentar o pensamento crítico, así como que é a chave que abre a porta ao prestixio social.

Esta protección tamén implica a salvagarda dos dereitos de autor. De feito, o **83,7 % da poboación entende que respectar os dereitos de propiedade intelectual dos autores e editores xera externalidades positivas para a sociedade** e é, por tanto, unha boa práctica social, cunha clara utilidade para o conxunto da cidadanía.

83,7 %

83,7 % da poboación entende que respectar os dereitos de propiedade intelectual dos autores e editores xera externalidades positivas para a sociedade.

Esta percepción reforza a idea de que protexer a cultura escrita e os dereitos que xera non só é unha cuestión legal, senón que é unha práctica que beneficia o individuo e fortalece a colectividade.

Por isto, desde unha perspectiva económica e social, as obras editoriais poden entenderse como un **ben de mérito**, quer dicir, un ben que **xera beneficios colectivos** e cuxa protección e respecto **deberían ser fomentados activamente polo Estado**. Este valor non só xustifica a súa salvagarda, mais tamén a súa promoción por parte das Administracións públicas e do sector privado, incluídas as plataformas tecnolóxicas.


Con todo, este ben de mérito vese ameazado polo que poderían denominarse **usos deméritos**, impulsados polos intereses empresariais dalgúñas multinacionais tecnolóxicas. Por exemplo, estas empresas, en moitos casos, non informan do uso que fan de contidos editoriais para o desenvolvemento do seu modelo de negocio e utilizan ao seu favor o medio escasamente regulado en que operan. Como consecuencia, **algúñas políticas públicas acabaron promovendo de xeito indirecto unha perda do valor marxinal das obras editoriais**, ao fomentaren a *commodity* de contidos substitutivos, como as copias piratas de libros e publicacións de prensa.

Esta dinámica **resulta contraria aos principios da teoría clásica do benestar**, na medida en que non só prexudica autores e editores, senón que tamén **é nociva para o conxunto da sociedade**. Igualmente, mina o recoñecemento do valor das obras editoriais como un ben que merece ser preservado e potenciado.


Neste contexto, **unha parte importante da sociedade (67,6 %) considera que non hai información suficiente sobre os dereitos de autor**. Esta falta de coñecemento constitúe unha deficiencia teórica no marco dos bens de mérito porque impide que a sociedade recoñeza e valore de xeito apropiado estes dereitos, o que afecta negativamente o benestar común.

Ante as mudanzas tecnolóxicas e sociais, **o 88,7 % da sociedade coida que é máis necesario que nunca explicar mellor á poboación as externalidades dos beneficios dos dereitos de autor, así como os efectos negativos** xerados polos usos deméritos da tecnoloxía.

Percepción da información dispoñíbel sobre dereitos de autor




Falta información suficiente sobre os dereitos de autor



Agora máis que nunca deberíanse explicar mellor á poboación os beneficios dos dereitos de autor

Con relación a que organismo debería liderar este labor informativo, a resposta é clara: o **51,9 % sinala os ministerios. Non só consideran que é responsabilidade do Ministerio de Cultura e Educación, senón tamén do de Transformación Dixital, Industria e Xustiza. Consideran que son eles os que teñen que impulsar o coñecemento** dos dereitos de autor e o seu impacto na sociedade.

Quen debería liderar o labor informativo sobre os dereitos de autor?



Nesta terceira investigación identificouse a percepción xeneralizada da sociedade de que a dixitalización comporta unha ameaza para a cultura escrita e está a transformar os hábitos de consumo de contidos editoriais.

Conclusión. A cidadanía reconece os dereitos de autor como un ben colectivo que fortalece a democracia e o desenvolvemento social (ben de mérito). Porén, esta percepción positiva convive cunha preocupante falta de información, especialmente nun contexto de transformación dixital que ameaza estes valores. Por iso, considérase prioritario que os ministerios de Cultura, Educación, Transformación Dixital, Industria e Xustiza lideren unha estratexia informativa que promova o seu coñecemento, protección e respecto.

Rexeitamento social ás **malas prácticas**

2




Prácticas que prexudican a sostibilidade

A ausencia dos dereitos de autor, segundo se afirmou nesta investigación, xera un medio pobre en innovación e orixinalidade, inseguro para os creadores e editores e dominado polo plaxio e a imitación, o que limita o avance científico, cultural e económico da nosa sociedade. Este escenario unicamente beneficia o sector da distribución (empresas tecnolóxicas) e non ao da produción (colectivos autorais e editoriais).

Neste sentido, **os dereitos de autor revélanse como piares fundamentais para garantir unha sociedade xusta, creativa e respectuosa co traballo intelectual**. A cidadanía amosa un alto consenso sobre o que considera malas prácticas no emprego dos contidos editoriais, entre as que xa se inclúe o uso non autorizado por parte da IA como unha delas.

Nesgos e Administración



Entre os responsábeis destas prácticas en materia de propiedade intelectual, a poboación sinala, en primeiro lugar, as **empresas tecnolóxicas** como principais impulsoras e tamén ve no sector público a orixe de moitos destes comportamentos. Percíbese, por tanto, unha **desconexión entre o que as institucións fan e o que a sociedade agarda delas en materia de propiedade intelectual**.

Orixe destas prácticas:



Existe unha desconexión entre o que as institucións fan e o que a sociedade agarda delas en materia de propiedade intelectual.

Nesgos e Administración Pública

Este Observatorio continuou estudando os nesgos cognitivos ou atallos mentais que fomentan as malas prácticas en materia de propiedade intelectual e que son a orixe dos usos non autorizados de obras protexidas, quer dicir, o consumo ilegal de contidos editoriais.

Estes nesgos **reducen a percepción de culpa, racionalizan a infracción e normalizan a súa aceptación social**. Identificalos axuda a entender por que, mesmo entre quen afirman valorar a cultura escrita, o consumo ilegal de contidos continúa estando tan espallado e incrementándose.

Cales son os nesgos e a súa orixe que están operando no consumo pirata?



Nesgo de autoridade

É un dos que máis peso ten. A falta de mensaxes institucionais claras contra a pirataría e o resto dos usos non autorizados, así como a ausencia de sancións visíbeis, interprétanse como un consentimento implícito. Cando non hai unha condena pública firme, o comportamento ilícito non só se volve tolerábel, senón que mesmo parece aceptábel.



Nesgo de gratificación instantánea

Tamén inflúe de xeito determinante nos comportamentos ilícitos fronte aos contidos. A inmediatez e a facilidade de acceso aos contidos piratas reforzan a conduta, ofrecendo unha recompensa inmediata que despraza calquera reflexión ética.



Nesgo de normalidade e falso consenso

Leva as persoas a sobreestimar o número de individuos que consomen contido ilegal, o que dilúe a responsabilidade individual. Expresións como «todo o mundo o fai» ou «mesmo fano os profesores» son exemplos directos desta percepción errónea.



Nesgo de atribución causal externa

Permite culpar a outros –principalmente a editoriais, autores ou políticas de prezos– polo propio comportamento. O consumidor xustifícase a través dunha lóxica de compensación («os libros son caros», «as editoriais gañan moito») que esvaece a ilegalidade do acto.



Nesgo de ancoraxe

Ten así mesmo un impacto importante, pois tende a comparar o prezo dun contido legal co acceso gratuíto que ofrece a pirataría, xerando así un rexeitamento automático ao pago, independentemente do valor real do produto. Esta comparación desleal favorece a opción ilícita.



Nesgo de autoxustificación

Mediante o que se interpreta o consumo ilícito como algo beneficioso para os propios creadores, con argumentos como «así gañan visibilidade» ou «se me gusta, comprareino logo». Esta racionalización suaviza a infracción e permite manter unha imaxe de consumidor responsábel.



A profecía autocumprida e o nesgo de confirmación

Consolidan o padrón de conduta: canto máis se busca e se accede a contidos ilegais, máis se atopan xustificacións e probas de que ese comportamento é común e está socialmente aceptado. Esta percepción de impunidade reforza a conduta pirata e bloquea calquera cuestionamento ético.



Nesgo de dispoñibilidade cognitiva

Despraza a atención desde o contido cara o medio. Préstase máis importancia á tecnoloxía de acceso que ao valor da obra, o que deshumaniza a cultura escrita e convértea nun produto banal, prescindíbel ou accesorio. Este desprazamento de valor é especialmente preocupante, xa que mina o recoñecemento social do labor dos creadores.

En moitas ocasións, son as propias Administracións as que activan e lexitiman os nesgos que xustifican a pirataría e o resto das utilizacións non autorizadas de contidos editoriais.

Así, o **nesgo de autoridade** vese potenciado cando unha institución vulnera os dereitos de autor, por exemplo, non dispor de licenza de dereitos de autor para a reutilización de contidos editoriais. Se quen debe protexer os dereitos os ignora, o cidadán séntese lexitimado para facer o mesmo. De xeito similar, o **nesgo de normalidade e falso consenso** aliméntase cando se percibe que a distribución ilegal de libros ou materiais educativos en centros públicos é unha práctica común, como ocorre nalgúns ámbitos educativos.

O **nesgo de atribución causal externa** desprázase cara ás propias institucións: se os ministerios reproducen sen pagar, o cidadán séntese menos responsábel. Ademais, a **profecía autocumprida** e o **nesgo de confirmación** consolídanse cando se confirma a crenza de que «ninguén respecta os dereitos de autor», nin sequera quen están obrigados a facelo. E o **nesgo de dispoñibilidade cognitiva** amplifícase se as políticas públicas priorizan a despregadura tecnolóxica (como a dixitalización ou a IA) por riba da protección dos contidos culturais que circulan por esas canles.

Desde unha perspectiva da economía comportamental, as decisións dos cidadáns poden estar influenciadas por nesgos psicolóxicos e sociais que nos afastan da racionalidade. Estes atallos explican por que moitas persoas normalizan e xustifican o consumo ilícito ou non autorizado de contidos, ao buscaren a gratificación inmediata, seguiren normas percibidas ou minimizaren a responsabilidade.

Entender esta lóxica facilita o **deseño de estratexias que promovan un consumo máis ético e responsábel** dos libros, revistas, xornais e partituras.

Freo ás tecnolóxicas e protección da cultura mediante unha lexislación eficiente

O informe evidencia que o **principal xerador de nesgos provén do desenvolvemento tecnolóxico –tal e como tamén está acontecendo coa IA–**, orientado fundamentalmente polos intereses económicos das grandes multinacionais e non polos intereses sociais ou culturais. Esta práctica provoca que os nesgos se espallen e medren exponencialmente, por exemplo, o da atención.

A isto súmase a **falta dunha regulación eficaz –un 87 % considera que hai pouca regulación–**, que permitiu a consolidación de monopolios, a evasión fiscal, a desinformación e o **uso indebido** de obras culturais sen compensación. A cidadanía percibe, ademais, que as **Administracións cederon** poder ás tecnolóxicas e lexislan «sen criterio, con descontrol e concesións», unha opinión compartida por tres de cada catro persoas.

Como consecuencia, xorden diversas **externalidades negativas**:

Plano cultural

O 74,1 % da poboación considera unha mala práctica o uso de obras de escritores e editores sen recoñecemento nin remuneración, xa que compromete a sostibilidade do sector editorial.

Ámbito social

Identifícanse riscos como a perda de pensamento crítico, a manipulación informativa, o control social e o incremento de desigualdades, aspectos que o 64 % da sociedade reclama seren regulados con urxencia.

Perspectiva reputacional

O 96 % dos enquisados considera igual ou mesmo máis grave que as Administracións públicas incorran nestas malas prácticas que se o fixesen as empresas privadas, pondo en cuestión a exemplaridade institucional.

Conclusión. A sociedade percibe as malas prácticas con respecto aos dereitos de autor –o plaxio, a copia non remunerada ou o uso de obras para adestrar a IA sen consentimento– como unha ameaza á innovación e a cultura. A falta de exemplaridade institucional e a influencia das grandes tecnolóxicas, que reforzan nesgos cognitivos, contribúen a normalizar esas prácticas. En consecuencia, xéranse impactos negativos na cultura escrita e a sostibilidade do sector, debilitase o pensamento crítico e incrementanse os riscos sociais, como a manipulación informativa e as desigualdades, mentres a exemplaridade das administracións queda cuestionada diante da cidadanía. É imprescindible unha acción decidida do sector público, así como unha regulación eficaz para protexer os creadores e os editores.

Exemplaridade institucional e direitos de autor: a **exigencia** cidadá



Responsábeis da protección dos dereitos de autor

A cidadanía atribúe ás Administracións públicas, especialmente á central, a responsabilidade principal de protexer os dereitos de autor do sector da cultura escrita pola súa capacidade lexislativa e executiva. Isto é así porque entende que protexer estes dereitos tamén é un xeito de coidar da sociedade no seu conxunto. Como novidade, sinalase que non se trata só dunha cuestión do **Ministerio de Cultura, senón tamén dos de Educación, Interior e Facenda**.

Nesta resposta maniféstase a transversalidade dos temas culturais e da súa protección, debido a que se trata dun ben que xera beneficios para o conxunto da sociedade, un ben de mérito.

A **implicación compartida** das distintas áreas de goberno –central, autonómica ou local– en materia de propiedade intelectual, tamén reflectida na responsabilidade de informar e formar sobre os dereitos de autor, sitúa os temas culturais e de propiedade intelectual como unha auténtica «**cuestión de Estado**».

Paralelamente recoñécese o papel neste labor das **entidades de xestión** –como CEDRO para o sector editorial– e, en menor medida, das **editoriais**.



A percepción de que **as Administracións abandonaron a súa responsabilidade para protexer os dereitos de autor é maioritaria**. Os cidadáns denuncian a falta de campañas de sensibilización, a escasa aplicación de sancións e a falta de liderado institucional ante cuestións como a pirataría dixital e o uso de obras sen as licenzas de dereitos de autor necesarias para a reutilización dos contidos editoriais (libros, xornais, revistas e partituras) nos ámbitos educativo, cultural e administrativo, e agora tamén no desenvolvemento da intelixencia artificial xenerativa (IAX). Así mesmo, consideran que esta falta de acción por parte dos tomadores de decisións públicos contribúe a reforzar a idea dunha sociedade desordenada, sen rumbo e cunha cultura en retroceso.

Esta situación ten consecuencias relevantes sobre a imaxe que proxecta a Administración. A poboación establece unha clara distinción entre a que protexe os dereitos de autor –asociada á xustiza, a seriedade e o compromiso cultural– e a que os descoida, que é percibida como opaca, irresponsábel e permisiva coa ilegalidade, posto que o **88,7 % vincula o progreso sostíbel a unha correcta protección dos dereitos dos autores e editores.**

Dereitos de autor e Administracións públicas

69 %

O 69 % dos consultados considera que as **Administracións Públicas** son as principais responsábeis das prácticas que prexudican a sostibilidade

96,3 %

O 96,3 % dos consultados considera que as **prácticas das Administracións Públicas non son correctas**

En xeral, a sociedade rexeita que as Administracións reutilicen obras editoriais sen pagar aos seus titulares de dereitos: un 73,7 % considera unha mala práctica legislar para evitar o pagamento de dereitos de autor, e un 74,1 % desaproba que se distribúan contidos sen compensación. Estes datos amosan un rexeitamento frontal ás vulneracións dos dereitos de autor, mesmo en contextos tecnolóxicos recentes como a intelixencia artificial (IA).

Do estudo realizado despréndese que o 95,8 % da cidadanía considera que as malas prácticas no uso de contidos editoriais por parte das Administracións públicas son eticamente igual ou máis graves que se as cometese unha empresa tecnolóxica. **Esta percepción reflicte unha alta exigencia social de exemplaridade institucional na defensa dos dereitos dos autores e editores.**

Este comportamento institucional ten un efecto directo sobre a poboación. A percepción de que as propias administracións e centros educativos reutilizan contidos sen respectar os dereitos de autor **activa os nesgos cognitivos analizados no bloque anterior**, que normalizan a pirataría, reducen a percepción de culpabilidade e erosionan tanto a autoridade institucional como a vontade de pagar por contidos culturais. A exemplaridade institucional non só é desexábel, senón indispensábel para frear estas dinámicas.

Unha Administración pública transparente cos dereitos de autor

O coidado dos dereitos de autor ten un efecto moi positivo na imaxe das Administracións. No discurso dos cidadáns aparece unha reveladora relación de contrarios subxacente que hai que ter en conta:



Unha Administración que protexe os dereitos de autor

- Seria e eficaz.
- Responsábel, transparente e xusta.
- Coida o seu patrimonio e o seu activo cultural.
- Preocúpase pola sociedade e o país.
- Activa e loitadora.
- Democracia madura.
- Orientada ao longo prazo.



Unha Administración que descoida os dereitos de autor


- Laxa e ineficaz.
- Irresponsábel, opaca e inxusta.
- Descoida o seu patrimonio cultural
- Despreocupada e desinteresada pola sociedade.
- Desleixada e inactiva.
- Democracia fráxil e vulnerábel.
- Orientada ao curto prazo.

Nesta liña, os cidadáns reclaman catro tipos de medidas concretas e complementarias:

- **Campañas de concienciación xeneralistas** e mensaxes claras nas canles de compra dixital.
- **Accións educativas e formativas** en colexios, universidades e espazos culturais.
- **Inspeccións reais e sancións** eficaces, tanto dirixidas a particulares como a institucións.
- **Pagamento de dereitos de autor** pola reutilización.

Piases para a sostibilidade da cultura

A cidadanía aposta por **lexislar con transparencia, recoñecer a cultura como un eixo estratéxico do Estado e garantir recursos estábeis para os creadores: cuestións que definen por si mesmas o tratamento que debe realizarse seguindo a teoría económica sobre un ben de mérito**. Estas demandas non se expresan en forma de urxencias puntuais, senón como **piases necesarios para garantir a sostibilidade do sector editorial e da cultura escrita**.



Conclusión: A sociedade recoñece claramente as prácticas no uso de contidos editoriais, responsabiliza as institucións públicas e educativas pola súa falta de exemplaridade, e reclama información, educación e políticas sostidas para protexer os dereitos de autor e fomentar o respecto polo traballo dos autores e editores.

A cultura escrita en risco pola IA




IA vs creatividade: ten futuro a cultura escrita?

A falta de valoración da cultura escrita convive coa sensación de ameaza crecente ligada á dixitalización, á inmediatez de acceso aos contidos e á aparente gratuidade destes no ámbito dixital. Esta, segundo o Observatorio, está debilitando o lugar simbólico –e tamén o intrínseco– da cultura escrita.

A cidadanía detecta un desprazamento do valor: dos contidos á canle, do editorial ao algoritmo. Esta percepción de fragilidade vese intensificada coa irrupción da intelixencia artificial xenerativa.

En canto ás actitudes vinculadas á dixitalización, a análise centrouse no impacto da IA, cuns resultados ambivalentes. Por unha banda, existe unha mestura de fascinación polo seu potencial e, por outra, medo polas consecuencias que poida ter sobre o ecosistema cultural: deshumanización, perda do talento e uniformidade.

As ACTITUDES da poboación cara á IA son AMBIVALENTES. Como sucede con calquera avance rompedor, dáse un conflito intraindividual relevante.



A pesar deste temor, o estudo constata que existe unha alta penetración da IA xenerativa, especialmente sobre contidos preexistentes:

- O 59,3 % da poboación usou algunha vez aplicacións de IA xenerativa (ChatGPT, Gemini...).
- O 55 % usouna no último mes, o que indica unha frecuencia de uso moi recente e xeneralizo.
- **O 72,3 % utilízaa especificamente con contidos xa preexistentes –sobre todo textos de webs e libros educativos–, o que afecta directamente ao ecosistema editorial.**

Uso e actitudes diante da IA xenerativa



Esta cautela reforza a percepción de que a IA e a cultura escrita representan universos opostos: mentres a primeira se asocia ao automático, masivo e desestruturado, a segunda vencélase ao esforzo humano, a identidade e o legado cultural.


Aspecto	Cultura	Intelixencia artificial
Orixe	Humano, vivencial, emocional	Artificial, tecnolóxico, sen experiencia humana
Identidade cultural	Alta identificación: representa valores, crenzas e legado colectivo	Baixa identificación: percepción de uniformidade e anonimato
Produción	Baseada no esforzo, mérito, talento e creatividade	Asociada a automatismo, facilidade e mínimo esforzo humano
Impacto no pensamento	Reforza o pensamento crítico e a intelixencia colectiva	Risco de pensamento único, manipulación e desinformación
Normatividade	Contido estruturado, regrado, con garantía de calidade	Caótico, sen regulación clara, xera dúbidas sobre a credibilidade
Valor simbólico	Saber, coñecemento, expresión cultural	Fascinación tecnolóxica, mais con risco de deshumanización
Percepción social	Piar dunha sociedade avanzada, educada e plural	Potencial ameaza á diversidade cultural e ao legado intelectual

Ante os riscos da IA, regulación e protección para os creadores

A poboación considera que, sen unha regulación axeitada, a IA representa unha ameaza directa para a cultura escrita.

Un 51,4 % dos enquisados considera que a IA representa un risco alto para a sociedade, e só un 18,2 % coida que é un risco baixo.

Risco que representa a IA en xeral




Esta inquedaanza tradúcese nunha demanda clara de protección institucional, que garanta a sostibilidade do ecosistema editorial e preserve o valor simbólico dos contidos de autor fronte aos riscos de automatización e perda de identidade colectiva.


O malestar non se debe só a cuestións legais: consideran que este fenómeno afecta tamén á calidade dos contidos e ao modelo de cultura que está a ser construído. Témesse que dea lugar a unha cultura impersoal, uniforme e deshumanizada, onde o talento individual perda valor e o legado cultural se degrade.

Desde a perspectiva da sociedade, a responsabilidade principal de **regular o impacto da intelixencia artificial no ámbito cultural recae nas Administracións públicas**, especialmente na Administración central. Agárdase que lexislen de xeito claro e actualizado para impedir o uso indiscriminado e non autorizado das obras protexidas, garantindo a protección efectiva dos dereitos de autor e preservando o valor da creación e o ecosistema cultural.

O 89,7 % dos enquisados considera que o Estado debe asumir a regulación da IA en materia cultural, para evitar a desinformación, a manipulación e o control social promovido polas empresas tecnolóxicas (63,8 %), protexer o pensamento crítico e o desenvolvemento humano (53,7 %), salvagardar o impacto emocional, psicológico e cultural (44,1 %) e equilibrar o poder entre os gobernos e as grandes tecnolóxicas (38,7 %), alén de previr desigualdades económicas e recuperar control político e democrático.




Porén, os enquisados son moi críticos coa actuación da Administración até agora: un 72,4 % opina que se legisla sen criterio nin proxección a longo prazo; o 74,1 % percibe un descontrol xeneralizado, e o 80 % considera que o Estado cedeu ante os intereses das grandes tecnolóxicas, debilitando o seu papel como garante de dereitos.




Da enquisa efectuada despréndese que a cultura e a educación percíbense como piares fundamentais para fortalecer a sociedade fronte aos desafíos que presenta a intelixencia artificial. Neste sentido, o **89 % vincula o progreso sostíbel cunha axeitada protección dos autores e editores**. A lectura, o pensamento crítico e o apoio a creadores vense como ferramentas chave para preservar o desenvolvemento humano e cultural nun contexto cada vez máis dominado pola tecnoloxía.

Neste contexto, a cidadanía reclama **unha protección activa para os autores e editores**. O 88,3 % considera que fortalecer a cultura escrita é o mellor xeito de encarar os riscos do exceso tecnolóxico e da IA, interpretando esta protección como unha estratexia de futuro, unha defensa do talento e un freo á homoxeneización cultural. Porén, un 72,7 % opina que as Administracións públicas non cumpren con esta responsabilidade, priorizando as grandes tecnolóxicas fronte aos dereitos dos creadores. Ademais, o 62,5 % considera que se protexe pouco ou nada a autores e editores, fronte a un 37,5 % que coida que si se fai «moito ou abondo»; entre estes últimos, un 86 % recoñece descoñecer como se leva a cabo esa protección, evidenciando falta de transparencia e de comunicación institucional.


Percepción da protección dos autores e editores por parte das Administracións públicas



Cren que dan máis importancia ás tecnolóxicas e desprotexen o sector editorial.



Cren que as autoridades protexen pouco ou nada a escritores e editores.



E dos que din que protexen moito ou bastante, o 84,8% non saben como o fan. Susténtase nunha crenza.

Conclusión. A intelixencia artificial esperta tanto fascinación como temor. A súa expansión despraza o valor do contido cara ao algoritmo e ameaza o talento humano, a diversidade e o legado cultural. A cidadanía pide regulación clara e protección real para autores e editores, convencida de que a cultura escrita é a mellor defensa diante do exceso tecnolóxico.

Zoom: Intelixencia artificial xenerativa: unha análise máis actualizada e equilibrada sobre a súa penetración e percepción



A diferenza do estudo de Ipsos, encargado por Google e centrado unicamente nos beneficios inmediatos da intelixencia artificial xenerativa –como o acceso á información, a educación ou o traballo–, o informe de Qbo para CEDRO ofrece unha visión máis completa e equilibrada. Xunto ás achegas positivas, incorpora riscos e externalidades que Ipsos non analizou, como a desinformación, a dependencia tecnolóxica, o desemprego ou a percepción da IA como perigosa.

Esta mirada ampla resulta chave porque permite comprender con maior rigor os impactos culturais, sociais e económicos da intelixencia artificial, evitando un enfoque excesivamente optimista. Deste xeito, o estudo de Qbo achega unha base máis sólida para deseñar políticas realistas, orientadas ao ben común e á sostibilidade da cultura escrita.

Aspectos	Ipsos	Qbo
Acceso á información	Positivo	Positivo (63,9 %) + negativo (8,4 %)
Educación	Positivo	Positivo + negativo (12,7 %)
Traballo	Positivo	Positivo + negativo
Desemprego	Non medido	37 % negativo
Desinformación	Non medido	50,5 % negativo
Dependencia tecnolóxica	Non medido	48,4 % negativo
Percepción social («perigoso»)	Non medido	46,6 % lo considérao perigoso

Os aspectos non medidos son moi importantes porque mudan o xeito de percibir a IA:

- **Desinformación:** Qbo evidencia que gran parte da poboación percibe a IA como un risco de manipulación informativa. Isto mostra que non se trata só dunha ferramenta de acceso ao coñecemento, senón tamén dunha posíbel ameaza á calidade democrática e ao pensamento crítico.
- **Dependencia tecnolóxica:** en xeral considérase que a IA incrementa a vulnerabilidade das persoas e das sociedades fronte á tecnoloxía. Isto presenta riscos de perda de autonomía e de control social que Ipsos non analizou.
- **Desemprego:** Qbo indica que un sector significativo da poboación ve a IA como un factor negativo para o emprego, conectando directamente co temor á substitución de traballadores e á precariedade laboral. Ipsos non o valorou, presentando así unha visión incompleta do impacto económico.
- **Percepción de «perigosidade»:** unha parte importante da poboación considera que a IA é máis perigosa que innovadora, reflectindo unha inqueda social de fondo sobre os seus efectos culturais, humanos e éticos. Este matiz crítico estivo ausente no informe de Ipsos.

Soluciones



Proposta de solucións

O Observatorio da Sostibilidade da Cultura Escrita reclama unha acción urxente con medidas estruturais que combine unha lexislación clara, unha xestión activa de dereitos por parte da Administración, transparencia, educación, campañas de concienciación, colaboración público-privada e un rol modélico do sector público, entre elas:

- Unha lexislación clara que elimine ambigüidades e excepcións no uso de contidos editoriais.
- Transparencia institucional no uso e distribución de contidos protexidos a través da licenza de dereitos de autor para esa reutilización.
- Formación sobre dereitos de autor en todos os niveis educativos e nas Administracións Públicas.
- Campañas de sensibilización sostidas, centradas no valor do contido, o respecto ao autor e as consecuencias da pirataría.



www.cedro.org

2025 © CENTRO ESPAÑOL DE DERECHOS REPROGRÁFICOS